

Puntos suspensivos entre este cosmos e o seguinte

ESTÍBALIZ ESPINOSA

Resumo

O blog e o papel supoñen diferentes formas de lectura tanto como diferentes formas de escrita, e ese feito retrotráenos á sentenza macluhiana de que o medio é a mensaxe. Este traballo ofrece unha reflexión sobre a relación entre cultura escrita e cultura dixital e as súas implicacións na autoría literaria galega.

Palabras chave: Cultura escrita, Cultura dixital, Escritura, Lectura

Abstract

Blog and paper represent different forms of reading and writing. This simple statement reminds us of the Macluhian sentence, i.e. that the means are the message. This paper deals with the relationship between written and digital cultures focusing their impact on Galician literary authorship.

Key words: Written culture, digital culture, writing, reading

Entrar na páxina dun libro non é o mesmo que entrar na pantalla dun ordenador. Isto é algo xa experimentado e coñecido por todos nós, pero que me serve como punto de partida para dar conta dunha relación que tamén deforma ao pasar por ese catalizador colectivo: non é o mesmo sentarse a escribir nunha folla de papel que na folla virtual dun blog.

A sensación non é igual, existe algo que poderíamos chamar *aura*, en termos de Walter Benjamin, que no noso caso non designaría a forma de experiencia estética perante a obra orixinal, senón un envoltorio que diferencia a plasmación nun soporte ou noutro: a aura dun papel é íntima; a aura da páxina dun blog é abisal: un vese lanzado a algún tipo de area [de circo] e moitas veces louvado ou repelido sen argumentos de peso en ningún dos casos.

[Fago un inciso: tampouco a recepción destas verbas sería igual se, no canto de escoitalas, vostedes estivesen a lelas nun papel caro e satinado cor vainilla, encadernado en coiro e prologado por, poñamos, Rosalind Krauss. Nese sentido, o clásico aforismo de McLuhan —*o medio é a mensaxe*— socava as nosas ideas clásicas sobre fondos e formas, continentes e contidos. Non é igual dicir o mesmo por televisión que por internet. Non é igual escoitar que ler. Podería dicir isto cantando. Non sería igual.]

Regresemos á dualidade papel-pantalla. Sobrevooo un intre os matices puramente físicos que os diferencian: unha páxina en internet funciona como un lugar situado non se sabe moi ben onde, cunha ubicuidade difusa, unha sorte de alma en pena encerrada nunha carcasa metálica. Mentres que un libro segue a ser un obxecto. Un obxecto que procede de algo vivo —unha árbore— a privilexiar o tacto e o cheiro e a funcionar case como un cosmos en si.

A páxina do libro pode ser subliñada; a da pantalla, polo de agora, non. A páxina da pantalla funciona como un dispositivo-espello, **o meu cursor son eu** e móvome por ela como por un territorio; a páxina do libro non me reflicte, aínda que eu poida trazar os meus vieiros de lectura dalgún xeito. E, por riba de todo, malia o que custa elaboralo, un libro segue a ser algo *pobre*: calquera moza semiespida é quen de lelo nunha montaña de lixo ou nun tren de cercanías. E un e-book ou unha conexión a internet seguen a ser un ben de luxo. Se non cambian as cousas, está claro que nunca serán iguais porque *diferencian clases*.

Se un libro é un cosmos en si, daquela unha páxina en internet é un microcosmos dentro dun cosmos máis grande que non segue con precisión as leis físicas do coñecido, do exterior. Dende ese punto de vista, metaforizamos internet como algo no que *penetrar*, ao que *conectarse*, ao que *subir*, no que *pendurar*, é dicir, un espazo pechado, cun acceso específico, sen centro, sen xerarquía visible, máis ou menos organizado. Un calcapapeis de vidro que neva cando lle damos volta. Unha bola preta de basalto preto.

Estas obviedades que veño de enunciar conforman unha perspectiva metafórica desa delicada textura na que, de súpeto, a **cultura escrita** e a **cultura dixital** se enfrontan. Unha materia de discusión sobre a que semella necesario posicionarse, sobre a que todos, torpe ou acertadamente, suturan unha opinión coa que se protexer do frío de non contar con opinión ningunha. Nos últimos meses teño lido ou escoitado verbo da relación *potencialmente traumática* entre literatura e internet, as sete diferenzas entre libro e e-book, o abuso de internet

como plataforma literaria, o futuro do xornalismo, da novela, o sinistro tema dos dereitos, a figura esvaescente do autor... en fin, a era da reproducibilidade técnica e os seus fillos, bastardos e sogros culturais.

Nesta era nosa, conxelamos nunha imaxe á cultura escrita en soporte informático no intre preciso de vapulear con certa saña á cultura escrita tradicional. Pero... e se non a vapulea realmente? Se tan só chucha dela o tuétano e simplemente, cambia de cosmos? É *tan diferente* a cultura dixital da analóxica? Rastrexo elementos na miña propia escrita que me inclinan a afirmalo, pero ás veces dubido tamén.

Internet rodeáanos. Recoñezo que boa parte das cousas máis xerminais e estimulantes que atopo no día proceden dela [ou del?]. Velaquí un listado dos aspectos literarios e culturais que considero cruciais á hora de enfrontar o cosmos do analóxico co cosmos do dixital:

1.- Internet pón **contra as cordas a literatura**. Dende un principio obrigounos e obrigoume a matinar encol a relación entre o autor e o seu texto, o autor e o lector. Era algo que me punzaba antes de abrir o blog, pero que volveu nuclear neses primeiros anos de andaina, de 2005 a 2008.

Por ende, a visibilización de internet tamén sitúa contra as cordas unha **lingua tanto natural como literaria**. Obriga a pasar por ese funil para deixar pegada xa non só no mundo real senón tamén nese mundo *máis real có real* que é a rede. Cónstanos a todos que un idioma necesita da presenza na rede para obter carta de natureza, precisa mudar ou incorporar novos significados e significantes: cónstanos a todos que moita da actividade nuclear a prol do galego vertébrase, ou vertebrouse, en torno a esa medula común da que moitos comemos: o blogomillo.

2.- Internet non deixa de comportarse como unha **máquina xigante**, ao estilo dos famosos *Hal-9000* ou *Deep Blue*, coa diferenza de que cada neurona do seu cerebro é un usuario. Por iso, internet *tamén* pon **o ser humano** contra as cordas. Ou no cristal do microscopio, un estado físico que considero crucial para comprendernos. Interésame todo o non humano, todo o que o ser humano crea á súa imaxe seica porque, no fondo, por fortuna ou por desgraza, esta é a miña especie.

3.- Internet relaciónase coa **distancia**: achega o afastado e tamén proxecta o diminuto e doméstico. Dende ese punto de vista, a humanidade vive constantemente sometida a **zooms xigantescos** dende que a rede foi tendida: os macroeventos [políticos e sociais, por exemplo] conviven cos microeventos [a domesticidade, o íntimo] nunha mesma interfaz e en non poucas ocasións equiparados en relevancia ou trascendencia humana. O bombardeo de Gaza coexiste en pestanas adxacentes con correos persoais, spam, música a borbotóns, creatividade crúa, catálogos porno, teses de doutoramento e zocos de compravenda.

4.- Todos temos acudido en moitas ocasións á rede como **condensador de ideas sobre autoría, individualidade/colectividade e identidade**. Dende as páxinas cósmicas

ata as puramente sociais, todas reflexionan sobre eses horizontes conceptuais mudables. A literatura transparente esas teimas porque vén falando do mesmo.

Space Collective <http://spacecollective.org/gallery/>

Rebellion.org <http://www.rebellion.org/>

5.- Estamos afeitos a que todo canto proveña do eido dixital se atope a **medio rematar**: internet arrástranos ás beiras dunha illa **en construción perpetua**. As cousas comezan nunha *fase beta* e van agatuñando números, 1.0, 1.1, 2.0... infinitamente divisibles. É dicir, que calquera proxecto verquido á rede vai esgazado, seccionado, tourado. *Secuenciado*. Sometidos a unha percepción humanoide, todo aquilo que se nos presenta *baixo o aspecto de estar en construción* provoca en nós dous efectos:

a.- O desafío de achegar *algo*, un gran de area a esa praia de Robinson. Iso conecta coa tan louvada **interactividade** atribuída a internet en detrimento doutros medios.

b.- A **ansiedade** por completalo. Segundo a vella escola da *gestalt*, o noso ollo tende a completar figuras inconclusas xa que para o noso xeito de percibir o aberto presupón algo perigoso, mutante, impredecible. Quizais esta ansiedade difumínase porque **na nosa época sabemos que a obra non se concluirá xamais**.

A wikipedia é o magno exemplo.

En construción, de Eduardo Estévez. <http://enconstrucion.blogspot.com/>

A palabra *construción* sitúanos de contado nun terreo onde nada se dá por sentado, nunha especie de caldeira de volcán, nun magma quente. Para min, abrir o blog foi meter as mans en magma quente e, asemade, sentir que orbitaba arredor do que por entón era o sistema literario, a *corte* literaria. Interpór distancia. Fuxir. Escribir durante estes anos no blog foi revitalizante, estimulante, unha masaxe cardíaca. Coido que para ben ou mal xa non son quen de abordar a literatura, nin a miña nin a de calquera, sen a aura de internet, a sensación de *espello que se atravesa e todo o que as alicias atopan do outro lado*.

A mencionada noción de construtividade da rede leva implícita outra: a idea do **laboratorio**. Moitas webs e mesmo os blogs concíbense como laboratorios, bebés-probeta, matraces nos que se axita unha tormenta, espazos para trebellar cunha substancia nova da que tamén se fan os soños.

6.- Un exemplo nidio de aplicación da *sensación internet* ou *aura internet* á miña escrita —e coido que a moitas outras— sería o emprego de **listas de cousas**. Dende hai uns anos, algúns dos meus textos poéticos incluían ou se constituían en listas de cousas. A lista de cousas é siamesa da catalogación, o enciclopedismo e remite á actual **base de datos**: un intento de metabolizar un mundo e fosilizalo en **inventario**, palabra cuxa etimoloxía suxire *invención*. Lev Manovich, na obra *A linguaxe dos novos medios de comunicación*, presenta unha sucesión case dramática de medios que alternativamente funcionaban como secuencia narrativa ou como base de datos, dende a novela decimo-

nónica ata os dispositivos de almacenaxe actuais, pasando pola fotografía [catalogación] e o cine [narración]. Carimba a expresión pseudopsicolóxica *complexo de base de datos*: a lóxica do ordenador humedece a lóxica da nosa cultura en xeral. Pensamos *en forma de* bases de datos.

7.- Outro aspecto de internet que coído inflúe na cultura —alomenos na escrita, alomenos na miña— é que nos devolve á nosa condición de **exploradores do abismo** [sic]. Reintegra unha parte desa maxia perdida, pulverizada, a inocencia de camiñar sen saber a onde, *derivar*. Partindo do xa tantas veces revisitado *flâneur* parisino que encarna e canta Baudelaire, perdido e abraiado na multitude, o usuario navega á procura de tesouros. Como un corsario. Tesouros que van dende ricas experiencias visuais ata procesos de creación en cru, vellos tesouros bibliográficos ou cinematográficos que, imposibles de atopar por outros medios, hoxe sitúanse ao alcance de quen sabe buscar. Hai algo inxenuo nesta idea, algo de optimismo fácil pero ata os máis escépticos, entre os que me sento a comer, sentimos iso algunha vez.

Pablo Gallo. <http://elblogdepablogallo.blogspot.com/>

É ademais imposible que alguén que frecuente a rede en eidos creativos non se sinta *chamado* algunha vez: os *memes* ou os convites a colaborar en proxectos de xestación común inxectan en nós a idea de que a nosa participación neste mundo comeza nuns puntos suspensivos e finaliza noutros. É dicir, supón un trazado continuo sobre un asfalto quente, ondulante, sempre en proceso de.

Igor Lugrís. <http://agal-gz.org/blogues/index.php/ovnis/c35/c604/>
[...]

Quixen expór aquí algunhas das ideas da creación literaria a través da rede dende o punto de vista de alguén que comezou escribindo libros e acabou nun blog. Hai quen distingue entre escritores con blog e escritores de blog. Nesa clasificación eu pertencería ao primeiro tipo, sen embargo entendo que a miña escrita foi atravesada por esa radiación invisible, esa *tiránica e marabillosa sensación de internet* e recoñezo a súa pegada de androide nas follas dos libros que publico e dos que publicarei.

Recoñezo tamén que canto máis pronunciemos a palabra internet máis modernos e interesantes semellaremos a nivel cultural, o cal vén sendo absurdo: ser *moderno* e ser *interesante* é non ser nada en absoluto. Entendo que os puntos suspensivos unen a nosa cultura analóxica, oral, esbarranchada e amareleada con esta nova escintilante, binarizada, silíca e audiovisual e que a súa relación non é tanto o vapuleo como a **simbiose**. Non é este un discurso tecnófobo en absoluto: a tecnoloxía dixital bríndasenos como unha caixa de ferramentas extraordinaria, barata, accesible e maleable; a colectividade, o autor, o creador, o receptor, a cultura escrita, a acústica e a dixital... todos adquiren un novo significado á súa nova luz. É só que non me interesa a utilización de internet e a tecnoloxía dixital como un mero discurso de prestixio social por parte dunha, digamos, incipente tecnocracia; si como un fabuloso **dispositivo cósmico** que nos fornece as claves para comprendernos e mutar.

DENDE O TRAPECIO VESE A REDE

....MMMM...., ABRA A CÁPSULA POR FAVOR,

Cando o 17 de setembro de 2005 abrín o meu primeiro blog, entón chamado *como kosmos*, o que procuraba dentro do sistema literario galego era unha certa *asistematización*. Unha distancia. O perspectivismo que me ofrecía a rede abovedouse para min nun pequeno exilio dende o que escribir e dar saída a textos vellos e novos.

A nivel persoal, a creación do blog supuxo un *tour de force*: non só porque me estimulase penetrar nun bosque diferente —máis despoboadada ou poboadada por seres estraños ou virtuais— senón porque obrigoume a aprender e polo tanto reflexionar sobre certas cuestións. Houben aprender a moverme pola rede, e, cunha tecnoloxía moi *lo-fi*, autodidacta e feita no dormitorio, lanzar cápsulas en forma de textos, fotos manipuladas, podcasts ou micrometraxes que logo empregaba nos recitais.

Os propios recitais servíronme de laboratorio, porque eu xa empregaba sons de fondo e cancións en vivo antes de crear o blog.

Asimesmo, elixín a rede para lanzar no 2007 un libro, *Zoommm. Textos biónicos* un libro de anos xa e que, se cadra por preguiza na xestión editorial e á hora de frecuentar festas e saraos sociais, non daba saída ao cruel mundo. O libro foi reeditado en Xerais no 2009 logo de que outra editorial o rexeitase por estar xa en formato PDF na rede. Este dato suscitou moita curiosidade. O certo é que o libro funciona como un máis vivindo na rede e no mundo real. Esa pequena esquizofrenia semella a peaxe a pagar por case todos os produtos chamados culturais do noso tempo.

Estíbaliz...Espinosa, 2009